

ACTIVIDADES REALIZADAS POLA ASOCIACIÓN AO LONGO DO ANO 2010

RUTA XACOBEA E ANO XUBILAR

Como agrupación que estamos dentro do Censo de asociación promotoras do Camiño de Santiago, todos os anos programamos peregrinacións a Santiago e a Fisterra.


Tamén somos defensores do cambio e aumento da Ruta Xacobeá Marítima que coidamos debería comezar na desembocadura do río Miño entre a Garda e Portugal, seguindo así a singradura que, conta a lenda, fixeron os seguidores do Apóstolo que, nunha barca de pedra, trasladaron o corpo de Santiago.

Este pasado ano 2010, como Ano Santo, peregrinamos a Santiago pero fixémolo de xeito diferente ao resto dos anos que empregabamos un barco de pasaxe e íamos dende a Garda ata Pontecesures, visitando todas as Illas Atlánticas maiores e as menores da ría de Arousa, para logo dende Padrón seguir o camiño Portugués a pé ata Santiago. Este pasado ano, reunímonos todos en Pontevedra, cada un veu dende o seu lugar de orixe como quixo, e dende a vila de Teucro, fomos en tren ata Santiago, cumprindo con todos os requisitos para gañar o xubileu.

FESTA DOS MAIOS

A pesar da indisposición do noso Presidente e da nosa Secretaría, "almas mater" desta actividade, que non puideron acudir a Ons, varios membros da Asociación xunto con amigos que se atopaban ese día na Illa, argallaron unhas coplas, que tiñan que ver con sucesos ocorridos durante o ano en Ons, e se dispuxeron a cantalas. Hai que dicir que os textos levantaron as risas dos presentes que pouco a pouco se foron convertendo en gargalladas ao escoitarnos cantar tan desafinados e faltos de ritmo; pero ben, a festa pagou a pena e tanto en Casa Acuña como na de Checho, convidáronnos a unhas boas tapas regadas cun excelente viño

Varios membros de Pineiróns ante a Catedral de Santiago



Xuntanza de Pineiróns

alvariño que serviu para mollar e reparar, polo esforzo realizado, as deterioradas cordas vocais.

EDICIÓN DA REVISTA "AUNIOS" Nº 15

Editamos o nº 15 da revista Aunios que este ano, xunto aos artigos relacionados coa Illa de Ons, contou cun bo número deles dedicados ao Grove, vila onde a asociación ten a súa dirección postal. Os temas dedicados aos petróglifos, ás crenzas mariñeiras, ás illas Insua e Sálvora, á evolución histórica da ría de Pontevedra, á pesca na ría de Muros e á vieira, cerraron un número de AUNIOS que, debido ao interesante dos seus artigos e o prestixio dos seus colaboradores, tal éxito tivo que ao pouco de saír, xa quedou esgotada.

BIBLIOTECA ITINERANTE, VIAXES CULTURAIS, INTERCAMBIOS,...

Actividades que realizamos ao longo do ano en diversos lugares das rías Baixas, nos colexios, campamentos,... Como xa comentamos o ano pasado, estas actividades, que consideramos moi interesantes, cada vez temos que reducilas debido á falla de axudas e subvencións.

UNIDADE DIDÁCTICA DEDICADA AO MEDIO MARIÑO DE ONS

Unidade Didáctica que tivo unha pequena axuda do concello de Bueu e que conta con tres Bloques Temáticos coas súas correspondentes follas explicativas, follas de actividades, follas con solucións de actividades, mapas, itinerarios e bibliografía sobre os temas: As Embarcacións e A Pesca da Illa de Ons. Esta Unidade Didáctica estará a disposición de quen a solicite para traballar con ela en colexios, campamentos,...